

XIII Curso de Formación. A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións Texto-Imaxe

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organizan este curso dirixido a mestres, profesorado de ensino secundario e a calquera persoa interesada no tema.

O curso ten como finalidade formar e informar sobre a representación do mundo árabe na literatura infantil e xuvenil a partir das relacións texto-imaxe, co obxectivo de salientar aquelas obras que se consideran imprescindibles para a formación lectora no ensino primario e secundario e así axudar á planificación da educación literaria e artística. Esta formación está xeralmente excluída, ou pouco ofertada, nos planos de estudos actuais, malia a súa transcendencia en ámbitos básicos como a formación e comprensión lectora e escrita. Analizaranse obras imprescindibles, realizaranse talleres literarios e artísticos e encontros con autores que representaron estes conflitos nas súas obras. O tema específico a tratar é "Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX".

Matrícula: ata o 10 de novembro de 2016

Prezo: 25 €

Número de prazas: 150

Lugar e data de celebración: 11 de novembro no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e 12 de novembro na Biblioteca Afundación

Documentos relacionados

- [Programa](#) . Formato PDF. 567 KB